



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 171/2007

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto no artigo 40 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Resultando necesaria a celebración de sesión extraordinaria do Concello Pleno para dar cumprimento ó establecido no artigo 38 do ROF, en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL.

Clase de Sesión.....	EXTRAORDINARIA
Data da Sesión:.....	28 de novembro
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	09:00 horas

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE A SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 13 DE NOVIEMBRE DE 2007.
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2008.
3. A PROBABACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DA ENTIDADE LOCAL DE 2006.
4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO APOIO A CANDIDATURA DA TORRE DE HÉRCULES COMO BEN DO PATRIMONIO MUNDIAL.

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En Mesía, 23 de novembro de dous mil sete.

O ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

Ante min A SECRETARIA ,

D^a. M^a Fernanda Montero Parapar.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2007.

ALCALDE:

D. José Joaquín López Ares. PSdeG – PSOE
(*En substitución do Alcalde*)

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
D^a María José Quindimil Suárez. PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

AUSENTES:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE
D. Ciriaco Varela Rotger PP
D. Manoel Bello Salvado. BNG
(*Non xustifican a súa ausencia.*)

SECRETARIA :

D^a M^a Fernanda Montero Parapar.

En Mesía, a 28 de novembro de 2007, sendo as nove horas, na Casa da Cultura, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición os expedientes da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2007.**

Abre a sesión o Sr. Xosé Xoaquín López Ares, Primeiro Tenente de Alcalde, asumindo a Presidencia da sesión, en substitución do Sr. Alcalde Don Mariano Iglesias Castro, explicando que foron motivos persoais os que lle impediron o Sr. Alcalde asistir a sesión Plenaria.

Seguidamente o Sr. Xosé Xoaquín López Ares pregunta se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 13 de novembro de 2007.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade dos seis membros presentes dos once que legalmente o integran.**

En consecuencia, se eleva a definitiva para a súa transcripción ó Libro de Actas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2008.

Comeza o Sr. Xosé Xoaquín López Ares dicindo que no 2º punto da orde do día preténdese aprobar o Plan de Cooperación as Obras e Servizos de Competencia Municipal 2008 no que se recollen os investimentos que o concello ten pensado realizar en 32 pistas e un aparcadoiro no concello, quedando as mesmas especificadas na proposta, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican os acordos que procede adoptar.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“**DON MARINO IGLESIAS CASTRO**, Alcalde do Concello de Mesía, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o **PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2008**, no que se recollen os investimentos que o concello ten previsto realizar no Plan de Obras e Servizos 2008, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

<i>Nº</i>	<i>Denominación da obra</i>	<i>Importe Total</i>	<i>Estado + Deputación</i>	<i>Concello</i>
1	CAMIÑO ACCESO A ALDIN (BOADO) E OUTROS.	38.489,87	36.565,37	1.924,50
2	APARCADOIRO CAMPO DE FUTBOL (CABRUI) E OUTROS.	38.892,51	36.947,88	1.944,63
3	CAMIÑO E PEREIRAS (OLAS) E OUTROS	44.228,16	42.016,75	2.211,41
4	CAMIÑO NA TILLEIRA E OUTROS	55.950,15	53.152,64	2.797,51
5	CAMIÑO IGREXA A BUSTO (VISANTOÑA) E OUTROS	50.883,79	48.339,59	2.544,20
TOTAIS		228.444,48	217.022,23	11.422,25

2º) Aprobar os proxectos das obras incluídas nas anualidades 2008 e que se relacionan no punto anterior.

3º) Aprobar o Plan complementario ó de 2008, no que se inclúe a obra que de seguido se miúda:

<i>Nº</i>	<i>Denominación da obra</i>	<i>Orzamento</i>
Complementario	CAMIÑO NA TIEIRA DA BAIUCA (CABRUI)	39.071,54

4º) Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5º) Comprometese o Concello a incluír no orzamento municipal do ano 2008 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2008.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

6º) Solicitar da Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se esta efectivamente se produce.

7º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde - Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

Seguidamente o Sr. Xosé Xoaquín López Ares pregunta se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración a proposta.

Visto que ninguén ten nada que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade dos seis membros presentes dos once que legalmente o integran.**

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DA ENTIDADE LOCAL DE 2006.

Comeza o Sr. Xosé Xoaquín López Ares pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican os acordos que procede adoptar.

Neste intre, sendo as nove horas e cinco minutos entra na sala D. Pedro M. Pedreira Candal.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“En cumprimento do artigo 201 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o cal establece que a suxeición o réxime de contabilidade pública leva consigo a obrigación de render contas das respectivas operacións, calquera que sexa a natureza, o Tribunal de Contas.

Sometida a Conta Xeral, tal e como esixe o artigo 212 do RDL 2/2004, a Comisión Especial de Contas o día catro de outubro de 2007, informada favorablemente pola mesma, sometida a información pública xunto co informe da Comisión Especial de Contas, por un período de 15 días, e oito máis a efectos de reclamacións, non habendo ningunha reclamación, reparo ou observación o respecto.

Sendo necesario sometela Conta Xeral unha vez cumpridos os trámites enumerados no parágrafo anterior, o Pleno da Corporación, para a súa aprobación,

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguintes acordos:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Primeiro.- Aprobala Conta Xeral desta Entidade correspondente o exercicio económico do 2006.

Segundo.- Rendila Conta Xeral da Corporación o Tribunal de Contas e o Consello de Contas”.

Seguidamente o Sr. Xosé Xoaquín López Ares pregunta se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración a proposta.

Visto que ninguén ten nada que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose **por seis votos a favor e unha abstención dos sete membros presentes dos once que legalmente o integran.**

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO APOIO A CANDIDATURA DA TORRE DE HÉRCULES COMO BEN DO PATRIMONIO MUNDIAL.

Comeza o Sr. Xosé Xoaquín López Ares pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican os acordos que procede adoptar.

Neste intre, sendo as nove horas e sete minutos entra na sala D^a María José Quindimil Suárez.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“A Torre de Hércules, o único faro romano que segue en funcionamento no mundo é un sinal de identidade, non só da cidade da Coruña, senón de toda a Provincia e de Galicia.

Os méritos arquitectónicos, históricos e medio ambientais do monumento e o seu entorno foron recoñecidos pola Comisión do Patrimonio Histórico, que recentemente decidiu que fose o representante de España na lista indicativa de Bens do Patrimonio Mundial no ano 2008.

É de interese para o noso Concello que se lle outorgue á Torre de Hércules esa consideración, polo que tal recoñecemento vai supor para o desenvolvemento do turismo cultural cara a nosa Provincia. É por elo que proponse o Pleno Municipal a adopción do seguinte,

ACORDO,



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1º.- Mostrar a satisfacción da Corporación pola designación, pola Comisión do Patrimonio Histórico Español, da Torre de Hércules como candidata para ser incluída na Lista de Bens do Patrimonio Mundial.

2º.- Apoiar a candidatura da Torre de Hércules ante o Centro do Patrimonio Mundial da UNESCO, tendo en conta os valores históricos e artísticos do monumento, e o seu significado como un dos máis relevantes e representativos da provincia da Coruña.

3º.- -Trasladar este acordo ao Concello da Coruña para que o inclúa no expediente de apoio á Candidatura”.

Seguidamente o Sr. Xosé Xoaquín López Ares pregunta se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración a proposta.

Visto que ninguén ten nada que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose **por unanimidade dos oito membros presentes dos once que legalmente o integran.**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Xosé Xoaquín López Ares, Primeiro Tenente de Alcalde, actuando en substitución do Sr. Alcalde, por motivo da súa ausencia, sendo as nove horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria - Interventora, certifico.